

REGULAMENTO DE ATENCIÓN AO ESTUDANTADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobado no C.G. do 24/07/13 e modificado no C.G. do 13/11/18)

A Universidade de Vigo, dentro do seu compromiso con aquelas persoas da nosa comunidade universitaria que precisan de condicións especiais para o desenvolvemento dos seus estudos, actividade laboral e a súa integración na vida universitaria, debe actuar de xeito proactivo para incluílas na nosa institución en igualdade de dereitos e deberes. Ademais, como institución pública ao servizo do seu contorno social, debe promover valores de convivencia e axuste social e debe favorecer o principio de igualdade de oportunidades e a accesibilidade universal, desenvolvendo os dereitos das persoas con necesidades educativas especiais recollidos na normativa vixente.

A Constitución española reconece que calquera persoa con discapacidade ten dereito ao acceso aos ensinos universitarios en igualdade de condicións que o resto de persoas. Desta maneira, nos seus artigos 14 e 49 establécense as bases dun desenvolvemento normativo que culmina coa Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, modificada á súa vez pola lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

A Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, no seu artigo 46.2.b, establece como un dereito dos estudantes "a igualdade de oportunidades e non discriminación por razóns de sexo, raza, relixión ou discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no acceso á universidade, ingreso nos centros, permanencia na Universidade e exercicio dos seus dereitos académicos ". Ademais, na súa disposición adicional vixésima cuarta, establece entre outros aspectos que “as universidades promoverán accións para favorecer que todos os membros da comunidade universitaria que presenten necesidades especiais ou particulares asociadas á discapacidade dispoñan dos medios, apoios e recursos que aseguren a igualdade real e efectiva de oportunidades en relación cos demais compoñentes da comunidade universitaria”.

O Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, establece no seu artigo 4, que "todos os estudantes universitarios, independentemente da súa procedencia, teñen o dereito a que non se lles discrimine por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión,

convicción ou opinión, idade, discapacidade, nacionalidade, enfermidade, orientación sexual e identidade de xénero, condición socioeconómica, idiomática ou lingüística, ou afinidade política e sindical, ou por motivo de aparencia, sobrepeso ou obesidade, ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, co único requirimento da aceptación das normas democráticas e de respecto aos cidadáns, base constitucional da sociedade española".

Así mesmo, o artigo 12 do citado real decreto determina que se "establecerán os recursos e adaptacións necesarias para que os estudantes con discapacidade poidan exercelos en igualdade de condicións que o resto de estudantes, sen que iso supoña diminución do nivel académico esixido".

O artigo 65 establece, ademais, que "desde cada universidade fomentárase a creación de servizos de atención á comunidade universitaria con discapacidade, mediante o establecemento dunha estrutura que faga factible a prestación dos servizos requiridos por este colectivo."

Os Estatutos da Universidade de Vigo, pola súa banda, establecen no seu artigo 100 que o estudantado ten dereito a "recibir unha especial consideración por encontrarse en situacións excepcionais, como as de embarazo, discapacidade, enfermidade o lesión, entre outras."

A presente normativa ten como obxectivo regular as accións de atención académica ao estudante con necesidades educativas especiais, para fomentar a súa permanencia na Universidade de Vigo e garantir o apoio desta durante o período de estudos na nosa institución. Este regulamento artéllase arredor de dous instrumentos fundamentais. O primeiro é a Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN), que ten como función principal a de manter actualizado e enriquecer de xeito continuo o coñecemento institucional sobre a atención ó estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, de xeito que as experiencias, resultados, contactos, fontes de información, fontes de financiamento, e outros recursos estean sempre dispoñibles e sirvan de punto de partida para atender calquera novo caso que se poida presentar. Noutras palabras, a UNATEN créase non como un ente burocrático de centralización, senón como o instrumento permanente para garantir unha atención eficiente e efectiva ao seren capaz de mobilizar todos os recursos dispoñibles ou acadables en calquera momento.

Por outra banda, créase unha comisión técnica que ten como funcións primordiais as de atender ás demandas dos membros do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, elaborar co apoio de persoas expertas nas necesidades expresadas por cada individuo que solicite dita atención

un programa persoal de atención, e trasladar ditos programas á UNATEN para que artelle os mecanismos e recursos necesarios para a súa execución e seguimento.

Este regulamento estrutúrase en catro capítulos:

- O capítulo I recolle as disposicións xerais.
- O capítulo II regula a Comisión Técnica de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- O capítulo III recolle as funcións e adscrición da Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- O capítulo IV regula os protocolos de actuación en materia de atención ás persoas con necesidades específicas de apoio educativo.
- O capítulo V recolle o relativo á avaliación e cualificación deste colectivo cando así o requiran as súas especiais circunstancias.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

A presente normativa ten como obxecto regular as accións encamiñadas a concretar a resposta organizativa e curricular que permitan o acceso e permanencia na Universidade de Vigo do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, co fin de que poida desenvolver a súa vida universitaria en igualdade de condicións ao resto do estudiantado.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Este regulamento é de aplicación a calquera estudante de calquera titulación da Universidade de Vigo, que de xeito voluntario acredite, segundo a normativa aplicable, o recoñecemento legal dunha situación persoal que requira accións específicas de apoio educativo.

2. Os membros da comunidade universitaria que teñan coñecemento da existencia de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo deberán informar aos mesmos da existencia deste regulamento e da Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN) referida no Capítulo III.

Artigo 3. Protección de datos de carácter persoal

Todos os datos persoais, académicos e clínicos das persoas obxecto do presente regulamento serán tratados de conformidade co que establece a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e do

Real decreto 1720/2007 do 21 de decembro, de desenvolvemento da devandita lei.

Capítulo II. Da Comisión Técnica de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Artigo 4. Creación

Co obxecto de atender de forma adecuada aquelas solicitudes de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo de especial complexidade técnica ou de outra índole, créase a Comisión Técnica de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (COATEN).

Artigo 5. Composición

1. A comisión técnica referida no Artigo 4 estará formada por:

- a) O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en temas de igualdade de oportunidades, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- b) O vicerreitor ou vicerreitora do campus de Ourense ou persoa en quen delegue.
- c) O vicerreitor ou vicerreitora do campus de Pontevedra ou persoa en quen delegue
- d) O xefe ou xefa de servizo do servizo de extensión universitaria, ou persoa en quen delegue, que actuará como secretario ou secretaria.
- e) Un/a técnico do servizo de prevención de riscos laborais.
- f) Un membro do persoal docente e investigador do campo da psicoloxía.
- g) Un membro do persoal docente e investigador do campo da didáctica.
- h) Un membro do persoal docente e investigador do campo das ciencias da saúde.
- i) Un membro do persoal docente e investigador do campo do dereito.
- j) Un membro do persoal docente e investigador do campo do traballo social e servizos sociais.
- k) Un representante da Area de Benestar, Saúde e Deporte.
- l) Un membro do estudantado.
- m) Una persoa en representación das asociacións e institucións que teñan entre os seus fins a atención ás persoas con discapacidade e subscribiran un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo.

2. O nomeamento dos membros desta comisión técnica sería competencia do reitor ou reitora, a proposta do vicerreitor ou vicerreitora con competencias en servizos sociais. Na medida do posible estarán presentes todos os campus. A comisión deberá ter unha composición equilibrada entre homes e mulleres.

3. A renovación dos membros desta comisión realizarase cada catro anos, agás no caso da representación do estudantado, que terá lugar cada dous anos.

Artigo 6. Funcións

1. Son función da comisión técnica de atención ó estudantado con necesidades específicas de apoio educativo as seguintes:

- a) Elaborar os programas de atención personalizada referidos no Artigo 12.
- b) Avaliar a posta en práctica dos programas de atención personalizada deseñados e facilitar, se é o caso, o seu reaxuste ou modificación.
- c) Emitir informes técnicos sobre as actuacións e adaptacións necesarias para satisfacer da forma máis axeitada, en función dos recursos dispoñibles, as demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a condicións persoais de discapacidade.
- d) Calquera outra que se lle sexa encomendada polo reitor ou reitora ou o Consello de Goberno, ou lle sexa atribuída pola normativa aplicable.

Artigo 7. Convocatoria, desenvolvemento das reunións e toma de acordos

1. As reunións da comisión referida no Artigo 4 as convoca o secretario ou secretaria por orde do presidente ou presidenta mediante comunicación electrónica que dirixirá a todos os membros e con unha antelación de polo menos tres días hábiles á celebración da sesión e con indicación da orde do día. No caso de urxencia, o prazo da convocatoria será de vinte e catro horas.

2. A presidencia da comisión, por iniciativa propia ou, se é o caso, por instancia dalgún membro da comisión, poderá invitar para asistir ás sesións, con voz pero sen voto, a persoas expertas e membros da comunidade universitaria, de acordo coa natureza dos programas de atención personalizada ou dos informes técnicos sobre actuacións e adaptacións referidos no artigo 6, ou de calquera outro asunto que se vaia tratar.

3. A Comisión aprobará, por maioría absoluta dos seus membros, as súas normas internas de funcionamento, convocatoria e desenvolvemento das reunións, e toma de acordos.

Capítulo III. Da Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Artigo 8. Creación

1. Para a organización, xestión e control dos recursos, da información, e das actividades de asistencia ao estudantado con necesidades específicas de apoio

educativo, créase a Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN), que estará adscrita ao Servizo de Extensión Universitaria.

2. A xefatura do Servizo de Extensión Universitaria designará aos membros do devandito servizo que integren dita unidade.

Artigo 9. Funcións

Son funcións da Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo as seguintes:

- a) Asesorar e informar dos recursos de que dispón a Universidade de Vigo en materia de atención á discapacidade e da forma de acceder aos mesmos a calquera membro da comunidade universitaria, así como a calquera persoa candidata a formar parte da comunidade universitaria por razón de estudos.
- b) Elaborar e manter actualizado o censo de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo.
- c) Recoller e clasificar a información e os recursos dispoñibles en relación coa natureza e grao das necesidades declaradas polo estudiantado, para a súa remisión á comisión técnica.
- d) Informar e asesorar ao profesorado e ao persoal de administración e servizos implicado, e aos centros que van atender ó estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, e facilitar os medios necesarios para a colaboración entre o persoal implicado e o profesorado tutor no ámbito da resposta educativa e organizativa.
- e) Recibir e remitir á comisión técnica as peticións individuais que se soliciten, e servirle de apoio administrativo na tramitación e xestión dos seus acordos.
- f) Fomentar a colaboración para a o deseño, aplicación e seguimento da resposta curricular e organizativa ás necesidades educativas previamente avaliadas.
- g) Proponer acordos e convenios de colaboración con institucións que faciliten o desenvolvemento de actuacións conxuntas de atención ás persoas con discapacidade, e potenciar os canles de colaboración coas asociacións especializadas no ámbito da necesidade específica de que se trate.
- h) Solicitar as axudas doutros organismos, entidades e administracións públicas que atendan áreas de actuación das que poida beneficiarse o estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, así como as

axudas destinadas a apoiar accións institucionais da Universidade no ámbito da atención á discapacidade.

- i) Sensibilizar á comunidade universitaria sobre a situación das persoas con necesidades específicas de apoio educativo.
- j) Garantir ó acceso das persoas con necesidades específicas de apoio educativo á información e a comunicación dentro da Universidade.
- k) Calquera outra que se lle sexa encomendada polo Reitor, ou lle sexa atribuída pola normativa aplicable.

Capítulo IV. O Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especiais

Artigo 10. Inclusión no programa

1. Co obxecto de poder facilitar os servizos e recursos específicos para o estudantado con necesidades específicas de apoio educativo cos que conta a Universidade de Vigo, as e os estudantes que o necesiten para a súa integración na vida universitaria poderán solicitar á UNATEN a súa inclusión no Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PIUNE) da Universidade de Vigo.

2. A UNATEN definirá e fará públicos as condicións, requisitos, documentos e formularios necesarios para a participación en dito programa.

3. A participación no PIUNE é voluntaria e ten carácter anual, polo que as persoas interesadas deberán renovar a súa inclusión no mesmo ao comezo de cada curso académico.

Artigo 11. Tramitación

1. Unha vez que a UNATEN comprobe que os solicitantes satisfán os requisitos mínimos para participar no PIUNE, trasladará as solicitudes recibidas á comisión técnica, xunto con calquera información adicional que considere relevante, para a redacción dun programa de atención personalizada para cada estudante. En calquera caso, identificaranse explicitamente os casos de renovación anual da participación no programa.

2. De cumprir os requisitos esixidos para elo, a UNATEN incluírá no censo de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo ás persoas solicitantes.

Artigo 12. Características dos programas de atención personalizada

1. Coa información proporcionada pola UNATEN, a comisión técnica elaborará un programa de atención personalizada para cada estudante que terá como

finalidade última adecuar o proceso de ensinanza-aprendizaxe en función das súas posibilidades individuais.

2. As adaptacións propostas pola comisión técnica irán encamiñadas á garantir a igualdade de oportunidades de cada estudante e terán en conta as súas necesidades. As adaptacións non irán en menoscabo da adquisición das competencias, habilidades e coñecementos asociados aos estudos que estea a cursar, nin causarán modificacións dos contidos académicos, nin discriminación para o resto do alumnado.

3. Cada programa de atención personalizada se remitirá á UNATEN, ó centro onde cursa os seus estudos a/o estudante, e á persoa interesada. En función do contido de ditos programas, a UNATEN remitiráos á Unidade Técnica cando traten de barreras arquitectónicas. Cando traten de concrecións curriculares remitiríanse ao equipo directivo do centro, aos departamentos, ao profesorado implicado, e ao persoal afectado de forma directa na integración educativa e social do estudantado involucrado.

4. A UNATEN proporcionará tamén ao profesorado implicado e ás direccións dos centros recomendacións e protocolos básicos de actuación segundo a discapacidade ou a necesidade educativa específica.

Artigo 13. Desenvolvemento dos programas de atención personalizada nos centros

1. Nos centros onde se atopen matriculados estudantes con necesidades específicas de apoio educativo participantes no PIUNE designarase un membro do persoal docente e investigador como responsable da implantación e seguimento dos programas de atención personalizada vixentes.

2. A persoa responsable do PIUNE no centro coordinará as seguintes funcións en colaboración coa UNATEN:

- a) A orientación académica sobre titulacións, itinerarios, aspectos formativos, departamentos docentes, materias e profesorado.
- b) A comunicación entre o estudante e o profesorado que poida proporcionar información académica específica.
- c) A implantación dos programas de atención personalizada, velando polo cumprimento dos dereitos do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe por parte dos departamentos e do profesorado, garantindo o fluxo de información desde o profesorado responsable da materia ata o estudantado no que se refire ás adaptacións curriculares, niveis de esixencia, obxectivos,

habilidades e competencias a adquirir, programación, organización de contidos teóricos e execución de procesos prácticos, e avaliación continuada.

- d) O seguimento e a actualización do proceso de ensinanza- aprendizaxe, incluíndo as tutorías personalizadas.
- e) A realización dun informe anual sobre posibles incidencias ou actuacións que se produciran no curso académico.
- f) O traslado de calquera incidencia á UNATEN, á comisión técnica, e direccións dos centros e departamentos implicados.

3. No caso de que non se designe outra persoa responsable, asumirá ditas funcións a persoa responsable do Plan de acción tutorial.

4. A persoa responsable do PIUNE no centro e ás persoas involucradas na implantación dos programas de atención personalizada terán dereito ó recoñecemento da súa dedicación, segundo o disposto polas normas anuais de recoñecementos no plan de organización docente (POD).

5. O reitor ou reitora poderá nomear persoas expertas externos ou pertencentes á comunidade universitaria responsables da coordinación da implantación dun programa de atención personalizada no centro, a proposta da vicerreitoría con competencias en servizos sociais e á vista do programa de atención personalizada correspondente.

Artigo 14. Deberes do estudiantado participantes no PIUNE

1. O estudiantado participante no Programa de integración de universitarios con necesidades especiais teñen as obrigas seguintes:

- a) Colaborar activamente co seu profesorado, coa UNATEN, coa comisión técnica, e co resto do persoal participante no programa para favorecer o seguimento de todas as accións, medios, apoios e recursos dispostos para a súa plena integración na vida académica.
- b) Aproveitar con responsabilidade todos os servizos e apoios que a Universidade de Vigo pon á súa disposición, así como respectar e salvagardar a dignidade e a integridade das súas persoas prestadoras.
- c) Coidar e manter en bo estado as infraestruturas e recursos materiais que a Universidade de Vigo poñan a súa disposición, e responsabilizarse dos danos que estes sufran por un uso indebido.
- d) Facer un exercicio efectivo de responsabilidade persoal e aproveitamento académico de todas as accións, medios, apoios e recursos postos á súa disposición.

2. No caso de incumprimento de calquera de estas obrigas, e tras a valoración pertinente por parte da comisión técnica, a Universidade de Vigo poderá suspender a participación do alumno ou alumna no PIUNE.

Artigo 15. Colaboración do estudantado no desenvolvemento do PIUNE

1. O estudantado da Universidade de Vigo poderá colaborar como persoas voluntarias de apoio no PIUNE, e recibirá para elo a formación requirida no ámbito da atención ás persoas con necesidades específicas de apoio educativo.

2. A citada colaboración terá o correspondente recoñecemento académico nos termos dispostos para o voluntariado na normativa de recoñecemento de créditos por actividades extraacadémicas e no Regulamento de voluntariado.

Capítulo V. Avaliación e cualificación

Artigo 1.

En casos nos que a situación o requira polas súas especiais circunstancias, en temas relacionados coa avaliación e cualificación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ao longo da súa vida académica, si a Universidade de Vigo o estima necesario poderá adoptar medidas extraordinarias para atender ao caso concreto, entre elas, nomear un tribunal de avaliación, interno ou externo, para avaliar dito alumnado. A reitoría, á proposta da vicerreitoría con competencias na materia, e oída a COATEN, poderá adoptar esas medidas extraordinarias así como a de nomear o referido tribunal.

Este tribunal poderá invitar a especialistas na materia relacionada coa necesidade específica do alumnado en cuestión para que lles asesore.

En todo o que non contempla especificamente este artigo seralle de aplicación a normativa xeral de alumnado en estas materias.

Disposicións adicionais

Única. Do censo de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo

1. A Universidade de Vigo manterá un censo de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo, que polo menos recollerá o alumnado participante no PIUNE.

2. Calquera estudante que acredite legalmente unha necesidade de apoio educativo poderá solicitar a súa inclusión neste censo, independentemente da súa participación no PIUNE. A solicitude de inclusión farase de xeito explícito á

UNATEN, quen establecerá o procedemento e prazos para facer efectiva dita inscrición.

3. O censo de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo revisarase anualmente, preferiblemente tras o remate do período ordinario de matrícula.

Disposicións finais

Primeira. Desenvolvemento

Facúltase ao vicerreitor ou vicerreitora con competencias en servizos sociais para elaborar as normas complementarias que desenvolvan o presente regulamento.

Segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.